



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Facultade de Ciencias da Saúde

Grao en Terapia Ocupacional

Curso académico 2022-2023

TRABALLO DE FIN DE GRAO

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Francés

para peregríns con discapacidade física

Quionia Rivas Vila

Xuño 2023

TITORES DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Vicente Cabarcos Dopico

Terapeuta ocupacional, Profesor asociado á Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade de A Coruña (UDC)

Vanessa Paredes López

Terapeuta ocupacional, Profesor asociado á Facultade de Ciencias da Saúde. Universidade de A Coruña (UDC)

Resumo

Obxectivo: O obxectivo deste traballo de fin de grado é estudar a accesibilidade no Camiño de Santiago.

Metodoloxía: Este estudo será abordado dende unha metodoloxía cualitativa. A idea principal é obter información acerca da accesibilidade ao longo do Camiño, mediante entrevistas a peregríns en situación de discapacidade física, así como aos seus acompañantes, observando as súas perspectivas de primeira man dende o punto de vista da Terapia Ocupacional.

Resultados: Intentaránse recoñecer as condicións, puntos fortes e necesidades actuais de mellora identificadas polas persoas, o que podería dar lugar a posteriores intervencións nas que a Terapia Ocupacional tería un papel relevante para garantir unha mellor accesibilidade. Tras obter os datos analizáronse os mesmos, agrupándoos en sete categorías que tratan de explicar o obxecto de estudo: “accesibilidade no Camiño”, “rutas alternativas accesibles”, “accesibilidade en albergues e espazos de uso público”, “uso de produtos de apoio”, “necesidade de acompañamento”, “sinalización”, e “valoración da experiencia”.

Conclusións: Esta investigación recolle a experiencia subxetiva de peregríns con discapacidade física, que refiren de modo xeral melloras sucedidas nos últimos anos na accesibilidade no Camiño de Santiago Francés. Tamén se observou o seu nivel de satisfacción, a súa visión dos produtos de apoio, e a necesidade de acompañamento que refiren para a súa realización. Os peregríns valoran positivamente a accesibilidade no Camiño, destacando as melloras nas condicións deste, aínda que con aspectos susceptibles de mellora, de ahí a importancia de seguir mellorando a accesibilidade no Camiño de Santiago.

Palabras clave: Accesibilidade, Accesibilidade Universal, Camiño de Santiago, terapia ocupacional e discapacidade física.

Resumen

Objetivo: El objetivo de este trabajo de fin de grado es estudiar la accesibilidad en el Camino de Santiago.

Metodología: Este estudio se abordará desde una metodología cualitativa. La idea principal es obtener información sobre la accesibilidad en el Camino a través de entrevistas a peregrinos en situación de discapacidad física, así como a sus acompañantes, observando de primera mano sus perspectivas desde el punto de vista de la Terapia Ocupacional.

Resultados: Se intentarán reconocer las condiciones, fortalezas y necesidades de mejora actuales identificadas por las personas, lo que podría dar lugar a posteriores intervenciones en las que la Terapia Ocupacional tendría un papel relevante para garantizar una mejor accesibilidad. Una vez obtenidos los datos, se analizaron agrupándolos en siete categorías que tratan de explicar el objeto de estudio: “accesibilidad en el Camino”, “rutas alternativas accesibles”, “accesibilidad en albergues y espacios de uso público”, “uso de productos de apoyo”, “necesidad de acompañamiento”, “signos y señales”, y “valoración de la experiencia”.

Conclusiones: Esta investigación recoge la experiencia subjetiva de peregrinos con discapacidad física, que refieren de modo generalizado mejoras realizadas en los últimos años en la accesibilidad del Camino de Santiago Francés. También se observó su nivel de satisfacción, su visión de los productos de apoyo y la necesidad de acompañamiento que refieren para su realización. Los peregrinos valoran positivamente la accesibilidad en el Camino, destacando las mejoras en sus condiciones, aunque con aspectos susceptibles de mejora, de ahí la importancia de seguir mejorando la accesibilidad en el Camino de Santiago.

Palabras clave: Accesibilidad, Accesibilidad Universal, Camino de Santiago, terapia ocupacional y discapacidad física.

Abstract

Aims: The objective of study of this end-of-degree project is to investigate the accessibility of the Way of Saint James (*Camino de Santiago*).

Methodology: This project will be approached using a qualitative methodology. The primary aim is to gather insightful information regarding the accessibility of the Way by conducting interviews with pilgrims facing physical disability as well as their companions. By directly observing first-hand their perspectives from the standpoint of Occupational Therapy, valuable insights can be obtained.

Results: The intent is to identify the existing conditions, strengths, and areas in need of improvement as perceived by the participants. This, in turn, could lead to future interventions where Occupational Therapy would play a significant role in ensuring universal accessibility. Once the data was collected, it was meticulously analyzed and classified into seven categories elucidating the research focus: "accessibility of the Way of St. James," "accessible alternative routes," "accessibility in hostels and public spaces," "utilization of assistive products," "need for accompaniment," "signs and signals," and "evaluation of the experience."

Conclusions: This research collects the subjective experience of pilgrims with physical disabilities, who generally refer to the improvements made in recent years in the accessibility of the Camino de Santiago Francés. We also observed their level of satisfaction, their vision of the support products and the need for support they refer to for their implementation. Pilgrims positively value the accessibility of the Camino, highlighting the improvements in its conditions, although there are aspects that could be improved, hence the importance of continuing to improve the accessibility of the Camino de Santiago.

Keywords: Accessibility, Universal Accessibility, Way of Saint James, Camino de Santiago, Occupational Therapy and Physical Disability.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Contido

| | |
|---|----|
| Resumo | 3 |
| Resumen | 4 |
| Abstract..... | 5 |
| Contido | 6 |
| 1. Introducción | 8 |
| 1.1. Accesibilidade..... | 8 |
| 1.2. Inclusión e accesibilidade..... | 9 |
| 1.3. Camiño de Santiago Francés | 10 |
| 1.4. Discapacidade física | 11 |
| 1.5. Terapia Ocupacional..... | 12 |
| 1.6. Accesibilidade Universal e Terapia Ocupacional | 14 |
| 2. Obxetivos | 16 |
| 2.1. Obxetivo xeral | 16 |
| 2.2. Obxetivos específicos | 16 |
| 3. Metodoloxía | 17 |
| 3.1. Tipo de estudo..... | 17 |
| 3.2 Período de estudo | 17 |
| 3.3. Ámbito de estudo | 17 |
| 3.4. Poboación de estudo..... | 17 |
| 3.5. Criterios de inclusión e exclusión | 18 |
| 3.6. Selección da mostra | 18 |
| 3.7 Entrada ao campo | 19 |
| 3.8 Posición da investigadora..... | 19 |
| 3.9 Fases do estudo..... | 20 |
| 3.10 Método de recollida de datos | 22 |

Accesibilidade do Camiño de Santiago

| | |
|---|----|
| 3.11 Análise e procesamento dos datos | 23 |
| 3.12 Criterios de rigor e calidade da investigación | 24 |
| 3.14. Limitacións do estudo..... | 24 |
| 4. Resultados | 25 |
| 4.1. Accesibilidade no camiño | 25 |
| 4.2. Rutas alternativas accesibles | 27 |
| 4.3. Accesibilidade en albergues e espazos de uso público..... | 28 |
| 4.4. Uso de produtos de apoio | 29 |
| 4.5. Necesidade de acompañamento ou axuda de alguén | 31 |
| 4.6. Sinalización | 32 |
| 4.7. Valoración da experiencia | 34 |
| 5. Discusión | 35 |
| 6. Conclusións | 43 |
| 7. Agradecementos | 45 |
| 8. Bibliografía | 47 |
| 9. Apéndices | 54 |
| 9.1. Apéndice I. Folla de información para participantes | 54 |
| 9.2. Apéndice II. Documento de consentimento informado para os participantes do estudo | 57 |
| 9.3. Apéndice IV. Entrevista semiestructurada | 58 |

1. Introducción

Para a lectura deste traballo de fin de grao é conveniente revisar unha información básica acerca dos termos ao redor dos cales xira o estudo: a accesibilidade, o Camiño de Santiago Francés, a discapacidade física, a terapia ocupacional e a relación entre esta e a accesibilidade universal.

1.1. Accesibilidade

O termo de accesibilidade fai referencia á posibilidade de ir a onde se quere ou alcanzar o que se desexa. Non obstante, centrándose na accesibilidade no contexto da discapacidade, a definición adquire un sentido reivindicativo, ao ter en conta os dereitos das persoas que por ter certas dificultades non poden relacionarse co entorno en igualdade de condicións cos que non sufren esa condición. (1)

A accesibilidade pode ter distintas perspectivas. Dende unha cualidade do entorno: “A accesibilidade é a característica dun entorno ou obxeto que permite ás persoas relacionarse con él e utilizalo de forma amigable, respetuosa e segura” (Aragall, 2003: 23); a unha relación entre o entorno e as capacidades da persoa: “É un concepto relativo que implica que os problemas de accesibilidade débense expresar como unha relación persoa-entorno. É o encontro entre a capacidade funcional da persoa ou grupo e as demandas de deseño do entorno físico” (Iwarsson y Stahl, 2003). (1) En definitiva, hoxe en día a accesibilidade é un concepto amplo, imprescindible tanto para obter unha igualdade de oportunidades para todas as persoas, como para optimizar o deseño dun entorno, produto ou servizo.

O símbolo internacional da accesibilidade (SIA) é a sinalización utilizada internacionalmente para indicar que un entorno, espazo ou servizo é accesible. Esa imaxe, un pictograma que representa con un icono branco a unha persoa en cadeira de rodas sobre un fondo azul, reflexa que o lugar ten todas as condicións para que unha persoa con discapacidade poida

utilízalo de forma autónoma. Ningún espazo accesible é exclusivo, podendo ser utilizado por todos, exceptuando o estacionamento. (2)

1.2. Inclusión e accesibilidade

Tal e como recoñece o CERMI no seu informe “Discapacidade y exclusión social en la Unión Europea”, as persoas con discapacidade son especialmente vulnerables á exclusión social ou á segregación, é dicir, á discriminación ou á separación de outros grupos. Ante a diversidade xenéranse moitas veces espazos para a desigualdade, e por tanto, para a exclusión. Precísase entender a diversidade como valor en sí mesma, para construír unha sociedade totalmente inclusiva. (3)

É importante que todos os espazos sexan accesibles e inclusivos para as persoas. No obstante, é conveniente coñecer a diferenza entre accesibilidade e inclusión, xa que non todos os espazos accesibles son inclusivos, pero si todos os espazos inclusivos son accesibles. Polo xeral, os termos inclusión e integración compártense como sinónimos pero non o son. Un entorno accesible con un enfoque integrador transfórmase para adecuarse ás necesidades das persoas con discapacidade. En cambio, dende o punto de vista da inclusión, búscase que o espazo sexa de calidade para todas as persoas, considerando a diversidade como característica da sociedade en xeral. (4) Ademais dos déficits propios das persoas con discapacidade, os factores do contexto ou o entorno dificultan as súas experiencias, polo que é necesario avanzar a unha arquitectura que non teña só un sentido estético, senón tamén ético. (5).

Ao falar da accesibilidade e da inclusión, é importante mencionar a lei 51/2003 de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal, a Lioundau (6), que se aprobou o 2 de decembro de 2003. Esta lei ten como finalidade sancionar a todo aquel que discrimine ás persoas con discapacidade, e todo o que conleva foi negociado co Consello Nacional de Discapacidade. Pretende garantir a Accesibilidade

Universal, contando cunha ferramenta onde se poden realizar reclamacións á Administración cando se considere que os dereitos das persoas con discapacidade foron vulnerados.

A modo de reflexión acerca da inclusión e da accesibilidade, cito un fragmento do artigo “Cómo me casé con mi silla” de David Riaño:

“Cuando compartí este argumento con mi amiga que creía defensora de la inclusión, me dijo que era imposible hacer un camino completamente accesible desde Sarria, porque el impacto ambiental iba a ser muy alto y que los tullidos no teníamos por qué llegar a todas partes”... “Giré la cara hacia mi amiga y con descaro le pregunté, ¿y si hiciéramos un Camino de Santiago sólo accesible para personas en sillas de ruedas sin que pudiera entrar nadie más qué opinarías? Me dijo que eso no era justo para el resto de la población. ¿Y entonces te parece justo que las personas en sillas de ruedas quedemos excluidos ahora del camino? Silencio.” (7)

1.3. Camiño de Santiago Francés

O camiño de Santiago converteuse nun dos valores turísticos con maior auge para turistas de todo o mundo. O seu valor histórico trasládase á actualidade dende o século IX cando se descubriron os restos do corpo do apóstol Santiago nunha vila de Galicia e se trasladaron a Santiago de Compostela, aínda que hoxe en día gran parte dos peregríns non realizan o camiño por motivos relixiosos (8).

Cada vez son máis os peregríns que van ata Compostela, de todas as idades e en todas as situacións, o cal xerou a necesidade de atopar respostas oportunas ao dereito das persoas en situación de discapacidade para un turismo en igualdade de condicións co resto das persoas (9). Este dereito é recoñecido pola OMT como “o dereito á utilización do tempo libre e, en particular, o dereito ao acceso ás vacacións e á liberdade de viaxar e de turismo, son recoñecidas como elementos de expansión da persoa pola

Declaración Universal dos Dereitos Humanos, así como pola lexislación de diversos países. (9).

Ao longo destes últimos anos creáronse ferramentas que facilitan a accesibilidade para todos e unha mellor experiencia no camiño para persoas con necesidades especiais (10), entre elas: A Guía do Camiño de Santiago Accesible, un proxecto desenvolvido por Predif co apoio da ONCE e Vodafone, onde se reflexan as partes aptas e non aptas do camiño para persoas con mobilidade reducida. (11)

En relación aos diversos traxectos do Camiño de Santiago, a variante do Camiño Francés é a máis coñecida; recorre o norte da Península dende Saint Jean de Pie de Port ata Santiago, un total de 760 km. Esta ruta, conta coa mellor infraestrutura en comparación coas demais, polo cal é oxe en día a mellor opción para a súa realización por persoas con mobilidade reducida. (11)

Nalgunha das súas etapas atópanse tramos sen resaltes, antideslizante en seco e húmido, sistemas de drenaxes que evitan charcos, cemento e terra compactada, camiño con rampas nos bordillos laterais, asfalto, etc. Sin embargo, os peregríns tamén se poden atopar con varios obstáculos como tramos compartidos con tráfico, escalóns pronunciados, regatos sen unha ponte para cruzalos, cruces de carreteras sin semáforo nin paso peatonar, inclinacións de ata o 11%, entre outros. (11)

O camiño de Santiago Francés foi declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO e a Fundación Príncipe de Asturias concedeulle o premio á Concordia como un lugar de peregrinación, de encontro e de conciencia europea.. (11)

1.4. Discapacidade física

Según a OMS, o termo “discapacidade” abarca as deficiencias e limitacións para realizar actividades e as restriccións na participación nestas. Según Campabadal, a discapacidade é un aspecto limitante para as persoas, xa

que limita para certas funcións. Por outra banda, as persoas discapacitadas, según a CIF, son aquelas que teñen deficiencias a nivel físico, mental, intelectual ou sensorial e ao relacionarse con ambientes do seu entorno non se produce unha participación plena, en igualdade de condicións ca o resto de persoas (INEGI 2010: s.p). Por tanto, a definición de discapacidade abarca , tanto limitacións da persoa á hora de realizar actividades como restricións na súa participación (12).

Outra visión da discapacidade abre a posibilidade de concebir á persoa en cuestión como alguén que vivencia unha situación de adversidade, á diferenza dos demais, pero que pode afrontar axudándose das súas fortalezas. Iso afirma que o termo discapacidade é un rótulo imposto, que engloba a unha serie de persoas e as desvalora, descoñecendo a súa capacidade real (13).

Según a OMS (2011), a discapacidade, dende o punto de vista médico, pode ser de cinco tipos: motriz ou física, intelectual, mental, sensorial ou múltiple. Este traballo de fin de grao céntrase na discapacidade a nivel físico, que se da cando unha persoa ten un estado físico que lle impide moverse coa plena funcionalidade do seu sistema motriz. Esta discapacidade está relacionada co corpo e cos órganos en xeral. (12)

1.5. Terapia Ocupacional

A terapia ocupacional é unha disciplina, que ten como obxectivo que as persoas que teñen algún tipo de restrición na participación dentro do seu entorno, sexan capaces de levar a cabo as súas actividades do día a día de forma independente e autónoma. Hai distintas perspectivas actuais da Terapia Ocupacional, que propoñen aproximacións ao que é o concepto desta (14).

Por un lado, a Asociación Estadounidense de Terapia Ocupacional (AOTA) no seu marco de traballo, defínea como a aplicación de habilidades para

axudar ás persoas a comprometerse coas actividades diarias que queren e precisan facer, de maneira que favorezan a súa saúde e a súa participación na sociedade. (14) Según a AOTA, a Terapia Ocupacional utiliza unha serie de ocupacións que teñen un significado para o usuario, co fin de capacitalo para levar a cabo, recuperar, fortalecer ou previr a perda de hábitos, rutinas ou roles ocupacionais que realizou ou está aprendendo a realizar para participar como membro do seu entorno, a nivel persoal, social, cultural e/ou económico. Preténdese dirixir a resposta do usuario hacia unha actividade seleccionada, para promover e manter a saúde. (15)

A Federación Mundial de Terapia Ocupacional (WOFT), define a Terapia Ocupacional como una disciplina que promove a saúde mediante o uso terapéutico da ocupación, para que as persoas participen nas actividades do día a día. Os terapeutas ocupacionais habilitan aos usuarios para que poidan facer estas actividades e optimizan a súa participación, así como proponen modificacións no entorno. (14)

Dacordo coa Rede Europea de Terapia Ocupacional en Educación Superior (ENHOTE), a terapia ocupacional céntrase no usuario, coa finalidade de capacitar o desempeño ocupacional e facer que goce de calidade de vida, mediante a promoción do seu benestar (14).

As intervencións realizadas en terapia ocupacional deben centrarse nas ocupacións significativas para os usuarios; deben ser afíns ao modo no que os contextos cultural, social e físico inflúen no que fan as persoas; e deben responder ao conxunto de rutinas e esixencias ocupacionais que comprenden a vida dos usuarios. (16)

Unha das habilidades dos terapeutas ocupacionais é analizar e adaptar as necesidades físicas, emocionais, cognitivas e sociais das persoas sobre as súas actividades cotidiás para identificar e corrixir as barreiras ou limitacións existentes nun determinado contexto (como podería ser o caso

das persoas con discapacidade física ante o percorrido do Camiño de Santiago, por exemplo).

1.6. Accesibilidade Universal e Terapia Ocupacional

A accesibilidade universal refírese ao deseño e creación de entornos, produtos e servizos que poidan ser usados por todos, independentemente das características individuais, co obxectivo de eliminar as barreiras que dificulten a participación de todas as persoas, sen excepcións. A accesibilidade universal beneficia a todas as persoas, mellorando a súa calidade de vida e a súa participación social, ademais de promover a igualdade, a inclusión e o respecto á diversidade (17). Desta maneira, a accesibilidade universal permite que as persoas con discapacidade poidan vivir en igualdade e participar plenamente en todos os aspectos da vida, o cal implica que a accesibilidade supera os ámbitos nos que se ubicaba.

O problema en canto á accesibilidade, leva a pensar no deseño universal, o cal se basa no principio de igualdade para todas as persoas e permite un modelo de vida independente. Neste deseño, todos os servizos son aptos para as persoas, sen necesidade de adaptacións nin de deseños especializados. No obstante, para os espazos que xa existían con anterioridade, é preciso realizar modificacións para garantir a igualdade de condicións (18)

A accesibilidade universal é un dos principios reguladores do texto refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro. (19)

Posteriormente, xurdíu a norma de transposición da Directiva (UE) 2019/882 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de abril de 2019, que ten como obxectivo establecer os requisitos de accesibilidade universal de determinados servizos. Por outra banda, estimouse o 20 de marzo de 2019 o recurso 691/2017 interposto polo Comité Español de

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI), onde se declara a obrigación do Goberno do Estado de aprobar a norma que regule as condicións de accesibilidade dos servizos públicos para persoas con discapacidade. (19)

O 20 de marzo de 2023 levouse a cabo unha reunión para aprobar un real decreto co obxectivo de regular as condicións de accesibilidade establecendo medidas para compensar as desventaxas que sufren as persoas con discapacidade. No caso dos bens e servizos de carácter medioambiental e natural, se non hai posibilidade de facer que estes sexan accesibles por razóns xustificadas, realizaránse os axustes que a persoa necesite dentro do posible para que poida acceder ao recurso. (19)

O 23 de marzo de 2023 entra en vigor o real decreto polo cal as condicións básicas de accesibilidade serán exhibibles nos seguintes prazos: nos servizos públicos o 1 de xaneiro de 2025; nos servizos privados que suministran as Administracións públicas, o 1 de xaneiro de 2025 e o resto de servizos privados novos o 1 de xaneiro de 2029; os servizos xa existentes que sexan susceptibles de axustes deben realizalos antes do 1 de xaneiro de 2026 no caso de servizos públicos ou privados que suministren as Administracións Públicas e antes do 1 de xaneiro de 2030 se son servizos privados. (19)

Usar o deseño universal para novas construcións ou acondicionar o xa construído favorece a accesibilidade. Como recolle o Marco de Traxectoria da American Occupational Therapy Association (AOTA) unha persoa participa nunha ocupación dentro dun entorno e estes poden ser facilitadores ou barreiras, é dicir, favorecer o desenvolvemento da actividade ou dificultala. (19)

A práctica da terapia ocupacional está dirixida á habilitación das persoas para que poidan realizar as distintas ocupacións ou á habilitación dos entornos para que o fagan. O terapeuta ocupacional capacitará a

participación, no marco de xustiza ocupacional, se alguen se atopa en situación de exclusión, defendendo a xustiza ocupacional, de xeito que as persoas podan participar nas ocupacións de maneira inclusiva en todos os entornos. (20)

Desta maneira, a terapia ocupacional desempeña un papel fundamental na promoción da accesibilidade universal, axudando ás persoas a participar nas actividades diarias, independentemente das características individuais. Así, os terapeutas ocupacionais, no ámbito da accesibilidade, procuran eliminar as barreiras existentes que limiten ás persoas para a participación nas actividades. Dende a terapia ocupacional contribúese á accesibilidade universal abordando as necesidades das persoas, adaptando os entornos e fomentando a participación activa das persoas nas actividades diarias. (21)

2. Obxetivos

2.1. Obxectivo xeral

- Observar a percepción das persoas con discapacidade física acerca da accesibilidade no Camiño de Santiago Francés.

2.2. Obxetivos específicos

- Observar a percepción das persoas entrevistadas acerca da accesibilidade nos distintos tramos do Camiño de Santiago Francés
- Observar a percepción das persoas acerca da accesibilidade nos espazos de uso público que atoparon na realización do Camiño
- Observar a percepción por parte das persoas obxeto do estudo acerca do uso de produtos de apoio para realizar actividade física
- Observar a necesidade de acompañamento e axuda que refiren as persoas con discapacidade física para a realización do camiño

- Observar a percepción das persoas sobre a existencia e disposición de letreiros e sinalización accesible
- Observar o nivel de satisfacción subxectivo dos peregríns entrevistados acerca da experiencia vivida

3. Metodoloxía

3.1. Tipo de estudo

Este estudo é abordado dende unha metodoloxía cualitativa, na que a idea principal é obter información acerca da accesibilidade ao longo do Camiño, mediante entrevistas a peregríns en situación de diversidade funcional, así como aos seus acompañantes, observando as súas perspectivas de primeira man dende o punto de vista da Terapia Ocupacional.

3.2 Período de estudo

O traballo de investigación levouse a cabo entre os meses de outubro de 2022 a xuño de 2023. O traballo de campo, así como a recollida e o análise dos datos recollidos neste, tiveron lugar nos meses de marzo, abril, maio e xuño de 2023.

3.3. Ámbito de estudo

O ámbito de traballo foi con persoas con discapacidade física que realizasen o Camiño de Santiago Francés no último ano e que cumprisen unha serie de criterios establecidos pola investigadora.

3.4. Poboación de estudo

As persoas seleccionadas son persoas con discapacidade física que realizaron o camiño de Santiago pertencentes a distintas asociacións coas que se contactou para realizar as entrevistas. As asociacións das que se está a falar son: Discamino, Enki e Agaela.

A maiores contactouse con unha persoa que realizou o Camiño á par ca investigadora en setembro de 2022, da que ademais de contar coa súa visión se puido observar a súa participación no Camiño de primeira man.

Para a participación no estudo, elixíronse a persoas que cumpren cos criterios de inclusión e exclusión.

3.5. Criterios de inclusión e exclusión

Os criterios de inclusión que teñen que cumprir as persoas para ser elixidas para o estudo realizado pola investigadora son os seguintes:

- Que fixese o Camiño de Santiago francés
- Que teña discapacidade física
- Que a información que proporcione sexa veraz e realista
- Que o camiño durase máis de tres etapas
- Que fixese o camiño hai un ano ou menos
- Firmar o consentemento informado, e manter o seu consentemento vixente ata a publicación deste estudo

Calquera persoa que non cumpra os criterios de inclusión, quedará excluída do estudo.

3.6. Selección da mostra

A mostra que se utilizou para a realización deste estudo foi elixida intencionalmente por parte da investigadora, coa finalidade de que as persoas pertencentes á mostra contén cos criterios de inclusión anteriormente mencionados. A cada participante da investigación asignouselle un código, e só a investigadora coñece a relación deste código coa identidade da persoa entrevistada.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

| Código | Idade | Sexo |
|----------------|--------------|-------------|
| Usuario 1 (U1) | 55 | Home |
| Usuario 2 (U2) | 48 | Muller |
| Usuario 3 (U3) | 42 | Home |
| Usuario 4 (U4) | 26 | Home |
| Usuario 5 (U5) | 38 | Home |
| Usuario 6 (U6) | 22 | Home |
| Usuario 7 (U7) | 30 | Muller |
| Usuario 8 (U8) | 56 | Home |

Nota: Fonte: elaboración propia

3.7 Entrada ao campo

A entrada ao campo realizouse no segundo cuatrimestre do 4º curso de Terapia Ocupacional, concretamente entre marzo e abril de 2023. Contactouse coas distintas persoas e asociacións previamente, nos meses de xaneiro e febreiro. O contacto foi mediante dúas vías diferentes: telefónicamente ou a través de correo electrónico. Unha vez informadas as persoas acerca do estudo e obtido o seu consentemento firmado, procedeuse a realizar as entrevistas de modo presencial ou vía telefónica.

3.8 Posición da investigadora

A investigadora está cursando actualmente 4º de Terapia Ocupacional na Universidade de A Coruña (UDC). O motivo do interese por esta temática para o seu traballo de fin de grao foi a realización do Camiño de Santiago en Setembro de 2022 e a observación dunha serie de limitacións que dificultan que se leve a cabo por parte de todas as persoas.

Era un tema que de por sí lle chamaba a atención, xa que vive nun pobo que se atopa no itinerario do Camiño de Santiago Francés, e rodéase de peregríns en todo tipo de situacións a diario, pero dende que o viviu máis de cerca tras a súa realización suscítoulle un maior interés.

3.9 Fases do estudo

Este traballo levouse a cabo en diferentes etapas:

- Etapa 1. Elección do tema de estudo
- Etapa 2. Búsqueda de bibliografía
- Etapa 3. Entrada no campo
- Etapa 4. Recollida de datos
- Etapa 5. Procesamento dos datos e extracción de conclusións
- Etapa 6. Redacción do estudo

Etapa 1. Elección do tema: Outubro

A elección do tema tivo lugar no mes de outubro. A investigadora contou co asesoramento dos seus dous titores, terapeutas ocupacionais no Centro de Promoción da Autonomía Persoal de Bergondo (CPAP) e profesores asociados na Escola de Terapia Ocupacional da UDC. A mediados de mes, entregouse un título proposto do traballo con un resumo deste, así como os tutores escollidos como director/a e codirector/a do proxecto.

Etapa 2. Búsqueda bibliográfica: Novembro/Febreiro

En novembro, comezouse a buscar bibliografía sobre a temática deste estudo, pero foi en febreiro cando se incidiu máis nese proceso facendo unha búsqueda bibliográfica en maior profundidade.

O proceso de búsqueda bibliográfica constitúe o primeiro paso de calquera investigación científica e é un elemento esencial para avaliar a importancia da investigación en sí.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Para buscar a información que fundamentou este proxecto recurriuse ás seguintes bases de datos: PubMed, Scopus, e Google Scholar. Tamén se utilizou o repositorio institucional da Universidade da Coruña.

Utilizáronse documentos en español e inglés, seguindo estratexias de búsqueda nas que se usaban as seguintes palabras clave, cos operados booleanos AND e OR: accesibilidade, accesibilidade universal, camiño de Santiago, terapia ocupacional e discapacidade física. Para recopilar os artigos utilizouse un xestor bibliográfico chamado Mendeley.

Etapa 3. Entrada no campo: Febreiro/Marzo.

A entrada no campo de investigación levouse a cabo en febreiro/marzo. O motivo polo cal se levou nestes dous meses é que tiña que haber unha adaptación por parte da investigadora e dos participantes para cadrar datas e realizar a entrevista. Ademais, pretendíase entrevistar a algunhas persoas presencialmente unha vez chegasen ao destino final (Santiago de Compostela) e era unha data fixa xa marcada por algúns deles.

Etapa 4. Recollida de datos: Marzo/Abril

Unha vez se realizou a entrada no campo, levouse a cabo a recollida dos datos ao longo do mes de marzo.

Etapa 5. Procedemento dos datos: Maio

Foi no mes de maio onde se levou a cabo unha revisión e análise exhaustiva dos datos obtidos nas entrevistas.

Etapa 6. Resultados e conclusións: Maio/ Xuño

As semanas previas á entrega procedeuse a obter os resultados do estudo e a extraer as conclusións do mesmo.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

| Actividade/ Fases | Outubro | Novembro | Febreiro | Marzo | Abril | Maio | Xuño |
|-------------------------------|---------|----------|----------|-------|-------|------|------|
| Elección do tema de estudo | | | | | | | |
| Búsqueda bibliográfica | | | | | | | |
| Entrada no campo | | | | | | | |
| Recollida de datos | | | | | | | |
| Procedemento dos datos | | | | | | | |
| Resultados e conclusións | | | | | | | |

Nota: Fonte: elaboración propia.

3.10 Método de recollida de datos

Para levar a cabo a recollida de datos utilizouse unha entrevista semiestructurada. Este é un instrumento capaz de adaptarse ás personalidades do suxeito entrevistado, non sendo unha técnica que pretende somente obter datos, senón que pretende entender ao suxeito dende dentro. Este tipo de entrevista permítenos recolectar e analizar as vivencias dos entrevistados, que levaron a cabo unha práctica directa e non mediada. Esta práctica dáse a través da experiencia, e as persoas entrevistadas formaron parte da acción estudada. Tense moi en conta o contexto dos participantes, é dicir, a entrevista é subxectiva e individual, considerando as vivencias de cada un. Desta maneira o contexto inflúe no desenvolvemento do discurso e viceversa (21).

Ofrecéuselles ás persoas entrevistadas un ambiente familiar e natural, non forzado, para que puidesen proporcionar a información necesaria con confianza, evitando todo xuízo crítico por parte da entrevistadora.

3.11 Análise e procesamento dos datos

A análise dos datos foi de tipo indutivo, é dicir, obtivéronse unhas conclusións xerais a través de premisas particulares. Un dos factores dos que se vale o método é a experiencia, a partir da cal se conseguen os datos para acadar as conclusións da investigación (22). Deste xeito, realizáronse unha serie de entrevistas a persoas con discapacidade física que vivenciaron o camiño. Estas entrevistas transcribíronse coa finalidade de procesar os datos obtidos, para a súa posterior interpretación.

O procesamento dos datos utilízase para extraer información que teña unha significación importante para o noso estudo e relacionala. Mediante a codificación, enfoque de análise proposto por Graneheim e Lundman (22), extraemos os datos en unidades que posteriormente se analizarán. Posteriormente a revisión dos datos lévase a cabo unha identificación de palabras, frases ou párrafos que consideremos importantes, aos que asignaremos un código. Os códigos co mesmo significado reagrupáanse e identifícanse temas que describan a experiencia. Unha vez establecidos os primeiros códigos, revísanse para eliminar toda interpretación que proveña da subxectividade. (23).

A exposición dos datos céntrase na organización dos datos codificados, buscando as relacións entre os elementos de cada grupo de significado e dos distintos grupos de significado entre sí, sendo a representación destas relacións un facilitador para interpretar os datos obtidos para acadar as conclusións do traballo.

O análise e procesamento dos datos levouse a cabo por parte da investigadora, cunha posterior revisión por parte dos titores, o cal permitiu establecer unha triangulación de investigadores. É dicir, aportáronse

distintas visións a un mesmo fenómeno, sendo os datos así analizados por máis de unha persoa. Deste xeito realízase un estudo en profundidade enriquecido con varios puntos de vista, reducindo sesgos e aumentando a comprensión dos datos.

3.12 Criterios de rigor e calidade da investigación

Os criterios para garantir a calidade na investigación cualitativa son os seguintes:

- **Credibilidade:** refírese á validez dos datos obtidos. Para obter credibilidade, é recomendable realizar a triangulación de datos, é dicir, obter información de diversas fontes e métodos para corroborar os resultados. (24)
- **Transferibilidade:** é a capacidade de xeneralizar os resultados da investigación. Para conseguila é necesario describir detalladamente o contexto e as características dos participantes na investigación para que os resultados poidan ser aplicados noutras situacións. (24)
- **Consistencia:** refírese á fiabilidade dos datos obtidos. Para conseguir coherencia, débense utilizar métodos sistemáticos e documentarse coidadosamente. (24)
- **Confirmabilidade:** refírese á obxectividade dos resultados. Para conseguila, o proceso de investigación debe estar documentado e debe proporcionarse transparencia na selección dos participantes, na recollida de datos e na análise dos resultados. (24)

En definitiva, para garantir a calidade e o rigor na investigación cualitativa, débense empregar métodos sistemáticos, documentarse coidadosamente o proceso de investigación, e proporcionar transparencia na análise e presentación dos resultados.

3.14. Limitacións do estudo

A principal limitación do estudo foi o tamaño da mostra. Ao ser unha mostra relativamente pequena e con escasa variabilidade, a investigadora atópase cunha posible falta de representatividade, é dicir, posiblemente non se

inclúsen participantes con perspectivas moi distintas. Isto pode facer que non se obteña toda a amplitude de información posible acerca das experiencias das persoas con discapacidade física, supoñendo unha limitación á hora de identificar patróns e relación importantes.

Sería convinte utilizar unha mostra máis grande para mellorar a representatividade, a variabilidade, a capacidade de identificar relacións e patróns e a credibilidade e fiabilidade dos resultados obtidos.

4. Resultados

Neste apartado preséntanse os resultados obtidos da investigación, establecéndose sete categorías que tratan de explicar o tema de investigación: “accesibilidade no camiño”, “rutas alternativas accesibles”, “accesibilidade en albergues e espazos de uso público”, “uso de produtos de apoio”, “necesidade de acompañamento”, “letreiros e sinais”, e “valoración da experiencia”.

4.1. Accesibilidade no camiño

A pesar de que a maioría dos entrevistados opinan que a accesibilidade nos distintos tramos que percorreron do Camiño de Santiago francés é adecuada, algúns teñen unha opinión máis crítica. Sen embargo, todos coinciden en que accesibilidade está mellorando cada vez máis.

Algunhas opinións positivas acerca da accesibilidade nos tramos do camiño son as seguintes:

“Hai moitas rampas e pasarelas accesibles ao longo do camiño” U2

“Moitos tramos están ben pavimentados e adaptados para persoas con discapacidade física” U3

Accesibilidade do Camiño de Santiago

“No tuve muchas dificultades a la hora de hacer el camino. Me parece que hacen lo que pueden para que todas las personas tengamos el mismo derecho de hacerlo y no tengamos muchas limitaciones” U4

“Cada vez está más accesible. La última vez que había venido había zonas mucho menos pavimentadas que ahora” U8

Sen embargo, hai outros peregríns que teñen opinións positivas acerca da accesibilidade do camiño, pero basadas principalmente en adaptacións e produtos de apoio persoais que adoptaron eles:

“Considero que el camino está en general, accesible, pero en mi caso en concreto, porque yo llevaba una silla todoterreno, sino si que es verdad que hay tramos de barro en los que una silla de ruedas usual estaría limitada” U6

Nunha minoría, hai algunha opinión negativa acerca da accesibilidade do camiño:

“Eu atopeime con un montón de limitacións como terrenos cheos de pedras e sendeiros moi estreitos” U1

“En general penso que hai moito que mellorar. O tramo que máis destaco é un no que cheguei a un río que había que atravesar, sin ninguna ponte accesible para poder cruzalo. Tivéronme que coller entre varios e pasarme ao outro lado do río” U7

“Tengo varias imágenes en el teléfono móvil que muestran los tramos que fueron más difíciles para mí. Los dos ejemplos más claros son un camino lleno de piedras y muy estrecho en la segunda etapa y una cuesta muy pronunciada en la primera” U5

4.2. Rutas alternativas accesibles

A maior parte dos entrevistados coinciden en que na maioría dos tramos do camiño hai rutas accesibles alternativas. Sen embargo, varios deles apuntan que nalguna ocasión non conseguiron información para localizar con facilidade esas rutas alternativas:

“Confundímonos de ruta nun tramo, íamos falando coa xente despistados e seguimos o camiño polo que ían eles. Atopámonos con un camiño empinado con pedras polo que non podía ir, e só me quedaban dúas opcións: ou me axudaban, ou tiña que volver para atrás e desfacer o camiño feito para buscar outra ruta alternativa” U1

“Me perdía con facilidade porque no me fijaba en los indicadores y tampoco estaban muy visibles que digamos” U4

Gran parte deles sinalan que lles houbera resultado facilitador facer un estudo detallado dos tramos do camiño con anterioridade á súa realización, para coñecer de antemán as rutas alternativas accesibles:

“No meu caso, fixen o camiño co meu fillo e non nos informáramos ben das rutas antes de facelo, así que cheguei a sitios nos que me tiveron que axudar para poder pasar. Despois falando con máis xente nas seguintes etapas díxéronme que eles sabían máis ou menos qué rutas seguir, que fose con eles” U3

“Íamos con guías que realizaran anteriormente un estudo das rutas en profundidade, e non tivemos problema ningún, pero alí sin habelo mirado antes era moi difícil saber por onde había que ir” U2

“Es difícil saber que ruta seguir sin haberlo mirado antes” U8

“Non creo que viñese moita xente coma min, en silla de rodas, sen informarse antes acerca de por onde pode ir” U7

A maioría coinciden en que lles resultaría moi satisfactorio poder realizar o Camino de Santiago orixinal seguindo a ruta histórica, o cal non é posible en diversos tramos:

“Conocí a un grupo de personas haciendo el camino de las cuales me tuve que separar llegado un momento porque tuvimos que seguir rutas distintas” U6

“Me gustaría haber visto los paisajes de la ruta original, las rutas alternativas eran la mayoría por carreteras convencionales” U5

4.3. Accesibilidade en albergues e espazos de uso público

Todos os peregríns entrevistados sinalan que, a pesar de que a maioría dos albergues e espazos de uso público eran accesibles, atoparon durante o traxecto algún espazo con diferentes barreiras arquitectónicas:

“Yo gracias a Dios tengo una discapacidad que me permite andar mínimamente, pero si sólo me pudiese desplazar en silla de ruedas no podría quedarme en un albergue de los que me quedé. Para entrar en él, había un gran desnivel con una rampa pronunciada y un camino de piedras. Las habitaciones eran grandes pero estaban en el piso de arriba y no había ascensor. Además, el baño de la habitación no estaba adaptado, en cambio el de la planta baja sí.” U4

“Cuando reservé, meses antes, encontré en internet muchos albergues que solo tenían literas y habitaciones compartidas, con poco espacio para maniobrar con la silla” U6

“Algúns sitios do camiño, como algunhas tabernas, estaban entre prados e a silla non podía andar por alí, así que os meus compañeiros collíanme algo de comer e traíanmo” U1

“Os pasillos do albergue eran demasiado estreitos, non había marxe a moita cousa” U2

“Tivemos que descartar moitos albergues que vimos en internet porque non eran accesibles” U7

En cambio, a pesar de nomearme algún exemplo de establecementos de uso público pouco accesible, a maioría coinciden en que a situación está mellorando moito neste sentido, grazas á avances cualitativos e cuantitativos na normativa actual, e a unha maior concienciación e comprensión sobre a importancia da accesibilidade:

“Noto que a cousa mellora nese sentido porque realicei noutra ocasión o camiño e da última vez por exemplo un baño dun bar cerca de Santiago estaba totalmente inaccesible, sen adaptacións de ningún tipo, e desta vez cando fun estaba reformado, con unha barra de apoio, o váter elevado e o lavamans accesible.” U3

“La última vez que hice el camino yo creo que no estaba tan accesible todo, aunque igual al no tener discapacidad de aquellas no me fijaba tanto en esas cosas como ahora” U8

“En la mayoría de los sitios me desenvolvía bien. Antes sí que es cierto que pocos lugares públicos accesibles te encontrabas” U5

4.4. Uso de produtos de apoio

Todos os peregríns aos que se entrevistou precisaron de produtos de apoio para realizar o camiño. De feito, todos expresaron a súa gratitude e satisfacción polo uso destes durante o traxecto.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Algúns entrevistados valéronse dos produtos de apoio que utilizan no seu día a día habitual, como bastóns e cadeiras de rodas. Sen embargo, manifestan que estarían menos limitados se usasen outros produtos de apoio máis apropiados á situación:

“Eu levei a miña silla porque tampouco tiña outra cousa que levar nin me podía permitir comprar unha silla mellor para facer o camiño” U2

“Yo llevé el bastón que uso a diario pero sí que es verdad que si la gente se cansa de por si haciendo el camino, yo me cansé mucho más, porque ya me cansaba andando de mi casa a la panadería, imagínate” U5

Un dos camiñantes expresou que lle foi moi útil o uso dun andador con asento que lle permitiu descansar cando o precisaba, para evitar lesións e fatiga:

“Foime útil o andador porque me daba máis estabilidade cando non había bancos sentabame nel” U1

En cambio, a maioría dos usuarios entrevistados informaron que realizaron o camiño coa axuda de produtos de apoio que obtiveron especificamente para este, como cadeiras de rodas todoterreo, bicicletas adaptadas ou triciclos especiais recumbentes, que lles permitiron superar obstáculos e terreos difíciles e desfrutar do camiño. Todos os peregríns que utilizaron estes produtos de apoio pertencen a asociacións coas que se entrenaron previamente para realizar o camino, as cales lles proporcionaron estas axudas:

“Realicei o camiño cunha handbike de montaña que me facilitou o traxecto un montón” U7

“Mi sueño siempre había sido hacer el camino y gracias a la asociación en la que estoy pude obtener una silla todoterreno prestada para hacerlo” U6

“Teño unha paraplexia e de non ser pola handbike non podería haber realizado o camiño, xa que a se move coas mans” U3

“Realicé el camino con un triciclo recumbente porque debido a mi situación no puedo estar en posición vertical” U8

“Realizamos el camino con la handbike tras un entreno de un año. Ya estamos entrenando para el próximo camino” U4

4.5. Necesidade de acompañamento ou axuda de alguén

Todos os peregríns coinciden en que é difícil facer o camiño de Santiago sen acompañamento, ou ben de algún familiar, ou amigo, ou de guías especializados.

Unha parte dos entrevistados realizaron o camiño de Santiago con uns guías especializados que estudaran con anterioridade o recorrido. Debido a que ían acompañados de varios guías e ao estudo previo do traxecto, ningún deles precisou axuda de persoas externas ao grupo en ningunha parte do percorrido:

“En la asociación en la que estoy hay guías que estudian con detalle el camino y nos acompañan en su recorrido. Estos guías nos entrenan durante todo el año” U4

“Es imposible hacer el camino sólo, se necesita de alguien, en mi caso un guía, que te dé asistencia para caminar de manera más segura” U5

“Fun acompañado por un guía, ninguén do meu entorno se atrevería a acompañarme tampouco, porque eu creo que lles daría medo chegar e atoparse con moitos obstáculos” U1

Outra parte dos entrevistados realizou o camiño acompañado por algún familiar ou amigo. A maioría destes precisaron axuda doutras persoas, como de outros camiñantes ou de forzas de seguridade do estado, xa que hai pouco naceu unha unidade da garda civil destinada a prestar atención ao peregrino que se atopa con algún problema durante a ruta:

“A xente ao final solidarízase e axúdache. A min axudáronme uns italianos nun camiño de pedras a empuxar a silla cando a miña muller estaba cansa nun tramo” U7

“Nun tramo no que había que cruzar un río, había que collerme no colo e pasarme ao outro lado, porque a silla non pasaba. O meu fillo de 50 kg non podía comigo e axudoume a cruzar a garda civil” U2

“No meu caso, veu a garda civil comigo durante todo o traxecto e tivéronme que axudar en varias ocasións” U3

Algúns peregríns mostraron sentirse en ocasións axudados en exceso por parte da xente que os acompañaba ou que se atopaban durante o camiño:

“En ocasiones me sentí ayudada de más. Había obstáculos que yo sabía que podía superar pero me ayudaban igualmente” U6

“Agradecía muchísimo la ayuda de las personas, pero en ocasiones me parecía que se compadecían de mí” U8

4.6. Sinalización

A maior parte dos entrevistados coinciden en que a variante do camiño de Santiago francés é a mellor sinalizada de todas as variantes. A maioría manifestaron que hai indicacións coa ruta a seguir durante os tramos cada escasos metros, a excepción das rutas alternativas, que poderían estar

Accesibilidade do Camiño de Santiago

máis sinalizadas. Ademais, apuntaron que case todos os establecementos de uso público e áreas de descanso tamén están sinalizadas. Manifestaron que os letreiros e sinais atopábanse a altura visible para eles e nunha ubicación axeitada durante o traxecto, valorando positivamente a sinalización existente:

“Los letreros que vi durante el camino los veía perfectamente desde la silla de ruedas, no tenía que levantar la vista, estaban a la altura perfecta” U4

“Todos os letreiros que atopamos estaban en lugares de paso das rutas, non había que andar buscándoos” U1

“Era casi imposible perderse, había tanto flechas pintadas en la carretera como flechas en letreros” U3

“A sinalización do Camiño de Santiago francés é excelente. Podían poñer máis señales do camiño que tiñamos que seguir coas sillas de rodas pero polo resto ben.” U7

“Las señales están todas claras y visibles, hay flechas amarillas pintadas en postes, paredes y otros lugares para indicar la dirección hacia Santiago” U5

“Quen se perde facendo o camiño é porque vai despistado e non mira por donde vai, senón casi che diría que é imposible” U2

En cambio, a pesar de que a maioría manifestaron que durante os tramos do camiño a accesibilidade dos letreiros e sinais era adecuada, algúns apuntan que dentro de algúns establecementos de uso público atopáronse con limitacións neste sentido:

“En un bar donde desayunamos el cartel del menú del desayuno estaba detrás de la barra y bastante alto. Las personas se apoyaban en la barra para acercarse un poco a verlo. Yo con la silla de ruedas lo tenía que ver desde más lejos y no se veía bien” U8

“Algunos letreros sí que es verdad que los encontramos altos, como los indicadores de los pasillos en los supermercados” U6

4.7. Valoración da experiencia

A valoración da experiencia dos peregríns entrevistados foi variada, segundo as vivencias individuais de cada persoa. Aínda que cada un mostra opinións persoais distintas, todos recalcaron que foi una experiencia valiosa e para repetir.

Varios entrevistados coincidiron en que esta fora unha experiencia enriquecedora e transformadora:

“Fué enriquecedor coincidir con tanta gente extraordinaria, gente que estaba en mi condición y podía entender el logro que esto supone, y gente que no estaba en mi condición y se asombraba con lo que yo estaba haciendo” U5

“Fue maravilloso conectar con la naturaleza de esa forma, es un paisaje al que no estoy acostumbrado” U8

En cambio, a valoración mais repetida foi a sensación de empoderamento, superación e crecemento persoal:

“Foi unha superación personal, nunca pensei que fose ser capaz de rematar o camiño” U2

“Nunca pensei que sería capaz de acabalo. Soprendinme a min mesmo” U7

“Non solo foi un desafío físico para min, senon tamén emocional. Eu estaba cos ánimos moi baixos e non quería facer nada, ata que me convenceron para facer o camiño. Doulles as gracias, porque me axudou para darme conta de que sigo sendo útil e teño capacidade de enfrentar obstáculos” U1

“Está claro que para cualquier persona acabar el camino es un gran reto, pero llegar al destino final para mi aún lo fue más. Es como un chute de autoestima” U4

Unha valoración bastante repetida foi tamén o sentimento do apoio e solidariedade por parte de outras persoas:

“Todo el mundo se involucra con nosotros y nos ayudaba, desde otros peregrinos, hasta la guardia civil, protección civil, ciudadanos que nos encontrábamos...” U6

“A xente é fantástica, sentínme moi arroupada por todos. O que mais me chamou a atención foi que moitos, que obviamente levaban un ritmo mais rápido que o meu, me fosen esperando durante o traxecto” U3

5. Discusión

O obxectivo principal deste estudo é observar a percepción que teñen en relación á accesibilidade no Camiño de Santiago francés, peregríns con discapacidade física que o fixeron dentro do último ano. Este estudo realizouse mediante entrevistas que se lles fixeron aos mesmos peregríns, o cal permitiu darlles voz e coñecer as súas experiencias, opinións e perspectivas acerca da accesibilidade no camiño. Ao analizar os datos que os entrevistados nos proporcionan, puidéronse obter valiosos coñecementos e comprender os motivos, as expectativas e os desafíos aos que as persoas con discapacidade física se enfrentan no camiño.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

En canto á primeira categoría, a accesibilidade no propio camiño, obtéñese información variada, deixándose ver unha falta de accesibilidade en moitos tramos, pero á súa vez, unha melloría neste sentido con respecto a anos anteriores. Hai guías especializadas no estudo das distintas etapas do camiño, como a seguinte: “Guía del Camino de Santiago Accesible para todas las personas” (25), centrada en analizar o traxecto do Camiño de Santiago Francés, que reafirma o que algúns entrevistados comentaron, a necesidade de mellora na accesibilidade en diversos tramos do camiño. Nesta guía, cada tramo analizado conta con unha descripción acerca da súa accesibilidade. Redactouse un informe de accesibilidade para cada tramo do Camiño de Santiago que proporciona información dos tramos axeitados para Persoas con Movilidade Reducida (PMR), no que cada itinerario se clasifica en: tramo apto para PMR, tramo practicable para PMR ou tramo non apto para PMR.

Asimesmo, na guía do camiño de Santiago accesible publicada pola Xunta de Galicia, valórase o grado de accesibilidade das distintas etapas do Camiño de Santiago Francés, non sendo ningunha destas completamente aptas. Coméntase como é o pavimento, sendo a maioría de terra e grava, como moitos peregríns reflexaron nas entrevistas feitas neste estudo, así como se inclúen terreos montañosos, camiños rurais, tramos empedrados, pendentes, ... (26). Debido a que o camiño, ao tratarse dunha ruta histórica, conta con estas condicións, parece conveniente que as persoas con discapacidade realicen unha planificación previa buscando información sobre a accesibilidade de cada tramo, consultando guías especializadas como as anteriormente mencionadas.

Según os códigos de accesibilidade da Xunta de Galicia en canto ás barreiras arquitectónicas urbanísticas (27), para que o terreo sexa accesible o pavimento debería ser duro, antiesvarante, sen resaltes e sen obstáculos; se é de terra, terá unha compacidade que soporte unha cadeira de rodas; as reixas terán ocos menores ou iguais a 2cm; e os cambios de

pavimentos estarán enrasados, con un desnivel cunha altura máxima de 2 cm.

Sen embargo, a pesar de que se deberían seguir os criterios anteriormente mencionados para que o percorrido fose accesible, ao tratarse dunha ruta histórica resulta difícil adaptalo completamente, xa que ten un valor cultural e unha identidade, e en moitos casos atrávesanse paisaxes con un elevado valor estético e ambiental. A pesar disto, o Informe UNE 41531 IN, do Xullo de 2018 acerca da accesibilidade ao Patrimonio Cultural Inmóbel (28), propón redactar plans de mellora da accesibilidade, tendo en conta tanto os valores patrimoniais como os de accesibilidade. Esta pretende dotar de accesibilidade ao patrimonio sen descoidar a súa preservación histórica.

Seguindo na liña da categoría anterior, e analizando a segunda categoría, a presenza de rutas alternativas no camiño, recálcase a importancia de facer un estudo previo antes de que a persoa comece o traxecto, xa que a maioría dos entrevistados coinciden en que no propio camiño non hai apenas información das rutas alternativas, o cal fai que sexa difícil para os peregríns identificar os tramos máis axeitados e evitar os que presentan barreiras.

Un estudante de Terapia Ocupacional no seu traballo de fin de grao, consistente nun blog de asesoramento e atención integral ao peregrín, realizou unha búsqueda de distintas páxinas web que indican as rutas accesibles para persoas con discapacidade, así como de aplicacións para os teléfonos móbiles que proporcionan información sobre estas rutas. Estes recursos poderían utilizarse tanto para a planificación previa do traxecto como para resolver algunha dúbida durante o percorrido do camiño (29). Aínda así, parece conveniente igualmente que houbera información de rutas alternativas accesibles disposta no propio camiño para que as persoas poidan desfrutar plenamente da experiencia.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Ademais, o traballo anteriormente mencionado (29) reflicte a existencia de axencias de viaxes que facilitan a organización do Camiño de Santiago respetando as rutas máis accesibles para as persoas con discapacidade, así como enlaces con información máis completa destas axencias e co seu contacto.

A terceira categoría trata da accesibilidade en espazos de uso público. A maioría dos entrevistados coinciden en que, a pesares de que aínda existen algún espazos de uso público que non son accesibles, cada vez son máis os que sí. A existencia de leis e regulacións que establecen normas de accesibilidade para os espazos de uso público establecen estándares mínimos que deben cumprirse no deseño destes, como é o Real Decreto 193/2023, do 21 de marzo, polo que se regulan as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos bens e servizos a disposición do público (30). Os entrevistados confirman que a accesibilidade nos espazos públicos é unha tendencia crecente debido á maior concienciación e ás leis e regulacións, chegando a facerse reformas en moitos lugares.

Que esta normativa acerca da accesibilidade se cumpra na comunidade autónoma depende da Comisión Técnica de Accesibilidade (CTA), ademais de ocuparse esta de solventar as dúbidas existentes. Asimesmo, a CTA encárgase de tramitar os expedientes sancionadores e de facer as propostas de resolución de sancións aos órganos colexiados competentes, conforme á Lei 10/2014, do 3 de decembro de accesibilidade (31). Esta lei galega de accesibilidade busca garantir ás persoas con discapacidade unha igualdade de oportunidades co resto de persoas, basándose nos principios de accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, inclusión social, igualdade de oportunidades, vida independente, diálogo civil, normalización e transversalidade das políticas en materia de discapacidade. (32)

Accesibilidade do Camiño de Santiago

En canto á accesibilidade nos edificios de uso público, o documento básico SUA (Seguridade de utilización e accesibilidade), do 14 de xuño de 2022, establece as regras e procedementos que permiten cumprir as esixencias de seguridade de utilización e accesibilidade, que se establecen no artigo 12 da parte I do Código Técnico de Edificación (CTE). O correcto cumprimento do conxunto deste documento básico supón que se cumpren os requisitos de seguridade de utilización e accesibilidade. (33)

Os peregríns notaron sobre todo a falta de accesibilidade nalgúns albergues nos que se hospedaron, chegando varios deles a comentar que tiveron que descartar puntualmente algún aloxamento porque non dispoñía de habitación adaptada. Según os códigos de accesibilidade da Xunta de Galicia acerca das barreiras arquitectónicas nos edificios de uso público (34) ten que haber un mínimo de dormitorios adaptados en servizos residenciais de uso público (de 25 a 50 prazas: 1 dormitorio, de 51 a 100 prazas: 2 dormitorios, de 101 a 150 prazas: 4 dormitorios; de 151 a 200 prazas; 6 dormitorios; e con máis de 200 prazas: 8 dormitorios). Non coñecemos se esta condición foi debida a unha ocupación previa por outras persoas das habitacións adaptadas existentes, ou a unha falta deste tipo de habitacións neses albergues.

O documento da Xunta de Galicia mencionado anteriormente (34), inclúe tamén os requisitos que deberían cumprir algúns espazos dentro dos edificios de uso público aos cales os entrevistados lles deron especial importancia nas entrevistas: a entrada aos hospedaxes, a comunicación horizontal, os baños e a falta de ascensor ou medidas incorrectas no interior deste.

Analizamos tamén a notoria importancia que os entrevistados lle outorgan aos produtos de apoio (PA) que utilizaron ao longo do camiño. Os produtos de apoio enténdense como os dispositivos deseñados para mellorar a funcionalidade, a autonomía e a calidade de vida das persoas en situación

de dependencia ou con alguna limitación no seu desempeño diario. Polo tanto, pódense definir como os dispositivos que procuran diminuír as dificultades, é dicir, as limitacións da capacidade funcional para levar a cabo as actividades (35). A CIF (clasificación internacional do funcionamento) inclúe unha lista de factores ambientais que describen o contexto no que vive unha persoa, supoñendo estes un efecto positivo se son facilitadores para a participación da persoa no seu día a día, e un efecto negativo se son barreiras na súa participación. Entre os factores ambientais facilitadores atópanse os produtos de apoio. (36). Asimesmo, a Convención sobre os dereitos das persoas con discapacidade das Nacións Unidas sinala en diversos artigos a importancia que supoñen os produtos de apoio, a accesibilidade e as tecnoloxías para a autonomía e a independencia das persoas (37).

A valoración dos distintos produtos de apoio debe ser individualizada, segundo as necesidades de cada persoa en particular, xa que como se pudo observar a través da análise de datos neste estudo, cada persoa ten unha necesidade ou unha preferencia específica, o que fai que para unhas persoas se adapte mellor un produto de apoio concreto e para outras persoas outro distinto. Este achado tamén se comenta nun traballo de fin de grado relacionado cos PA (35)

Un estudo realizado para decidir qué clase de produtos de apoio deben ser deseñados para favorecer a inclusión das persoas en situación de discapacidade, chega á conclusión, según os datos obtidos, de que os produtos mais utilizados para a inclusión das persoas son os produtos de apoio relacionados coa mobilidade persoal (38). Os peregríns entrevistados neste traballo comparten esa visión, dando un valor inestimable aos PA relacionados coa mobilidade porque lles aportan independencia, melloran a súa calidade de vida, facilitan a participación social e os integran na comunidade.

A maior parte dos entrevistados coincidiron en que tiveron que ser axudados por terceiras persoas para poder recorrer algúns tramos do camiño. Para unha persoa con discapacidade o feito de ter que depender dunha axuda externa supón unha barreira persoal á hora de realizar calqueira actividade en xeral, tal como expoñen Buffart e colaboradores (39). As persoas con discapacidade poden ter a necesidade de contar coa dispoñibilidade dun axudante, pero ao mesmo tempo poden experimentar unha perda de privacidade e comodidade. Un achado importante deste estudo é que os peregríns destacan a solidariedade das persoas con eles debido á súa condición, e a constante axuda por parte da xente que se atopaba con eles no traxecto, mostrándose agradecidos. Sen embargo, aínda que algunhas persoas con discapacidade física atopan beneficios ao ser axudadas por terceiros, e no caso de algúns tramos do Camiño de Santiago sexa necesaria ou incluso imprescindible dita axuda, houbo outros que reflexaron sentirse sobreprotexidos. Diversos estudos, como o realizado por Victoria Permuy e Alicia Risso (40) sinalan a importancia de respetar a autonomía de cada persoa e plantexar opcións que permitan un equilibrio entre o apoio e a promoción da independencia da persoa con discapacidade. Nese estudo defínese a sobreprotección como as percepcións e sensacións que teñen as persoas de ser innecesariamente axudadas ou limitadas excesivamente por outras.

Con referencia á categoría da existencia de sinalización, Sanz de La Fuente (2) indica que esta debe de estar deseñada de maneira que non só sexa comprensible polas persoas con discapacidade, senón para todos. Os códigos establecidos pola Xunta de Galicia en canto aos sinais e elementos verticais referentes ao mobiliario urbano (41), recollen algunhas das características que teñen que cumprir para que sexan completamente accesibles. Ademais a información debe ser suficiente para que lles permita aos peregríns o acceso aos lugares e servizos requeridos, informando de maneira clara, precisa, concreta e o máis directa posible, das rutas alternativas “. A lei 10/2014 3 decembro de accesibilidade recolle

no seu artigo 14 : “En los espacios en que así se determine, se completará dicha señalización con mapas urbanos y puntos de información que faciliten la orientación y el desarrollo autónomo y comprensible por el espacio público”. (42)

Aínda que o presente estudo se centra nas persoas con discapacade física, sempre resulta conveniente ter en conta as recomendacións acerca da accesibilidade cognitiva. Unha guía elaborada pola Federación de Organizacións a favor de persoas con discapacidade intelectual de Madrid, sinala que entre todos os estímulos existentes nun entorno, a sinalización ten que loitar polo seu espazo. As persoas, en xeral, poden ter problemas para procesar toda a información que lles chega mediante estímulos e quedarse coa importante, o que pode xerar dúbidas no percorrido, frustando a autonomía do usuario. Estandarizar a sinalización axuda a unha mellor localización por parte das persoas con diversidade funcional, e isto conséguese ao usar as formas e cores axeitados das letras, e tamaño de fácil lexibilidade conforme a marca da norma UNE 170.002 acerca das características da rotulación. Tamén resulta importante escoller os puntos de sinalización, e usar apoio pictográfico. (43)

En canto á última categoría, a valoración subxetiva dos camiñantes acerca da súa experiencia, contrastouse a información obtida das entrevistas con un artigo que analiza cómo os hábitos deportivos afectan á motivación das persoas con discapacidade para levar unha vida saudable (44). Os resultados mostran que as persoas que realizan exercicio físico melloran tanto o seu desenvolvemento persoal como o social. Isto concorda coa información obtida das entrevistas aos peregríns sobre a realización do Camiño de Santiago, achándose que a motivación por realizar deporte en persoas con discapacidade é unha ferramenta para xestionar mellor as emocións e para mellorar a autoestima, chegando a desenvolver un afán de superación.

Por outra banda, un artigo publicado na revista internacional de ciencias do deporte reflicte que aínda que tradicionalmente o exercicio físico se utilizaba para lograr efectos terapéuticos principalmente a nivel físico nas persoas con discapacidade, actualmente se practica como unha ferramenta para o desenvolvemento integral da persoa. Actualmente os profesionais relacionados co deporte adaptado pretenden facer ver que as persoas con discapacidade poden querer facer deporte polas mesmas motivacións que alguén que non teña discapacidade. Nese artigo analizouse unha mostra de persoas con discapacidade e outra de persoas sen ela, que practican actividade física. Os resultados reflicten que os deportistas con algunha discapacidade motriz, como é o caso dos suxectos deste estudo, presentan unha maior orientación á súa propia individualidade, buscando a súa reafirmación social e intentando demostrar a súa capacidade e independencia. (45)

6. Conclusións

Neste último apartado recóllense as conclusións extraídas do proceso de investigación levado a cabo. Cabe destacar que os obxetivos propostos ao inicio da investigación foron alcanzados, observándose a percepción das persoas con discapacidade física acerca da accesibilidade no Camiño de Santiago Francés, así como se observou o nivel de satisfacción dos peregríns, a súa visión dos produtos de apoio e a necesidade de acompañamento que refiren as persoas con discapacidade física para a realización deste. A visión deles mesmos acerca da accesibilidade do Camiño foi de gran importancia para entender as necesidades e os desafíos e identificar as posibles áreas de mellora.

Os peregríns valoran positivamente a accesibilidade no Camiño de Santiago, destacando as melloras nas condicións deste con respecto a anos anteriores, o cal facilita cada vez máis a súa participación nel. Nembargantes refiren algúns aspectos susceptibles de mellora, detectando algúns desafíos persistentes como obstáculos en distintas

zonas, falta de sinalización, ou dificultades para acceder a algúns servizos no camiño, o cal se pretende mellorar mediante a sensibilización da poboación e a considerable evolución na normativa.

Sácase en claro deste estudo a importancia de seguir promovendo melloras na accesibilidade no Camiño de Santiago. A existencia dun entorno accesible é unha ferramenta necesaria para alcanzar a integración, participación e igualdade de oportunidades. Dende a terapia ocupacional pódese exercer un papel importante para influir e promover esas melloras, ben a través da sensibilización e a educación da poboación, como a través da valoración e da proposta de melloras na accesibilidade.

Resulta tamén destacable o papel fundamental dos produtos de apoio para que as persoas entrevistadas, con diversas limitacións físicas, fosen capaces de realizar o camiño. Obsérvase a necesidade dunha valoración personalizada e adecuada do produto de apoio en relación co ámbito no que se vai a usar, valoración na que ten un papel fundamental a terapia ocupacional. Non só importa a capacidade do usuario, senón tamén os requirimentos que supón o entorno, por ese motivo moitos peregríns utilizaron produtos de apoio específicos para facer o Camiño de Santiago que non utilizan habitualmente no seu día a día.

Destácase tamén o impacto emocional e de superación percibido polos peregríns, e tamén o valor que conceden ao apoio recibido por outras persoas, chegando moitos entrevistados a emocionarse recordando o momento no que chegaron a Santiago de Compostela. É destacable o enorme valor que conceden a esta experiencia en relación á súa propia autoestima.

Compre ter en consideración as limitacións deste estudo, apreciándose a conveniencia de ampliálo a través de outros estudos pois trátase aquí dunha mostra pequena e quizais non suficientemente representativa. O

obxectivo desa ampliación sería poder extraer unha información axustada a unha realidade vivencial ampla e verdadeiramente representativa.

Para rematar, merece a pena plantexar unha reflexión profunda sobre a importancia da inclusión como valor social fundamental, o que implica recoñecer a diversidade e garantir a igualdade de oportunidades para todos. Débese reflexionar sobre a importancia da inclusión en xeral, promovendo que todas as persoas independentemente da súa situación podan desenvolver as súas vidas nas mellores condicións posibles e sen sentirse discriminadas. A inclusión é un principio esencial para contruír unha sociedade máis xusta, e trátase dun proceso continuo que require esforzos globais, empatía e vontade de desafiar prexuízos. Neste sentido, a terapia ocupacional ten a capacidade de aportar unha visión ampliada e axustada ás necesidades diversas das persoas, podendo realizar un papel fundamental no cambio hacia unha sociedade máis inclusiva e xusta.

7. Agradecementos

A posta en marcha deste traballo de fin de grao foi para min un gran reto. Empecei o proceso con medo, xa que estaba nun momento da miña vida no que certos factores externos me ocupaban moito tempo, e tiña medo de non poder involucrarme o suficiente no traballo, de non poder levalo adiante. Dalo conseguido foi grazas a todas aquelas persoas que me apoiaron ao longo deste ano.

Vanesa e Vicente, os meus titores do TFG, e este último o meu titor de prácticas no CPAP de Bergondo, fixéronme desfrutar do proceso, formándome non só profesionalmente, senón tamén persoalmente. Estiveron aí durante meses apoiándome, polo cal lles estou moi agradecida. Espero ser tan profesional coma eles no futuro.

Non me esquezo das persoas que entrevistei para levar a cabo o traballo, sen as cales isto non sería posible. Nunca imaxinei conectar con ningún

Accesibilidade do Camiño de Santiago

dos implicados; sen embargo, aínda sigo en contacto con algunhas das persoas que participaron no proxecto.

Aos meus amigos, agradezo que me liberasen e me fixesen desconectar en momentos de estrés neste ano caótico. E a ti Roi, que me aguantaches tanto e me segues aguantando, grazas.

Por último, o meu principal apoio: a miña familia. Agradézcolles sobre todo, que me fagan sentir que están orgullosos de min en todo momento. Quero facer unha especial mención a miña irmá: Grazas Alba, por facerme rir cando non tiña ganas. Mencionar tamén ás outras dúas mulleres da miña vida, miña nai e miña avoa. Non sei qué faría sen vós.

8. Bibliografía

1. Vista de Algo más que suprimir barreras: conceptos y argumentos para una accesibilidad universal [Internet]. Uma.es. [citado el 19 de marzo de 2023]. Disponible en: <https://revistas.uma.es/index.php/trans/article/view/3095/2859>
2. Arquitectura C. UNIVERSIDAD MAYOR DE SAN ANDRÉS [Internet]. Umsa.bo. [citado el 30 de mayo de 2023]. Disponible en: <https://repositorio.umsa.bo/bitstream/handle/123456789/19168/PG-3232.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
3. Bueno LCP. Discapacidad, derecho y políticas de inclusión. CERMI; 2010.
4. Rubio F, Primaria E. “PRINCIPIOS DE NORMALIZACIÓN, INTEGRACIÓN E INCLUSIÓN” [Internet]. Xara.hosting. [citado el 16 de abril de 2023]. Disponible en: http://educespecialjujuy.xara.hosting/index_htm_files/PRINCIPIO%20DE%20NORMALIZACION,%20INTEGRACION%20E%20INCLUSION.pdf
5. Revista AUS, [Internet]. Redalyc.org. 2011 [citado el 16 de abril de 2023]. Disponible en: <https://www.redalyc.org/pdf/2817/281722876003.pdf>
6. BOE-A-2003-22066 Lei 51/2003, de 2 de diciembre, de igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal de las personas con discapacidad [Internet]. Boe.es. [citado el 13 de junio de 2023]. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2003-22066>
7. Riaño D. Cómo me case con mi silla. 2023. (1): 2.

8. X. Santos Solla. EL CAMINO DE SANTIAGO: TURISTAS Y PEREGRINOS HACIA COMPOSTELA. EL CAMINO DE SANTIAGO: TURISTAS Y PER. 2006. Universidad de Murcia. ISSN: 1139-7861.
9. M. Fernández Alles. TURISMO ACCESIBLE Y TURISMO PARA TODOS EN ESPAÑA: ANTECEDENTES, ESTADO DE LA CUESTIÓN Y FUTURAS LÍNEAS DE INVESTIGACIÓN. Estudios Turísticos, n.o 180 (2009), pp. 141-153. Secretaría de Estado de Turismo. Instituto de Turismo de España. Instituto de Estudios Turísticos.
10. Deculturas, S. Coop. And. V Congreso Internacional de Turismo para Todos. VI Congreso Internacional de Diseño, Redes de Investigación y Tecnología para todos DRT4ALL, 2015. Universidad Internacional de Andalucía /Fundación ONCE, 2015. ISBN: 978-84-7993-277-0.
11. E. Ortega Alonso. T. Alemán Selva. Guía del Camino de Santiago accesible para todas las personas. 2015. Predif. Madrid.
12. García Núñez R, Bustos G. Discapacidad y problemática familiar [Internet]. Redalyc.org. [citado el 20 de mayo de 2023]. Disponible en: <https://www.redalyc.org/pdf/4990/499051499005.pdf>
13. El niño como en su familia CGFT en. EL CONCEPTO DE RESILIENCIA APLICADO EN NIÑOS CON ALGUN TIPO DE DISCAPACIDAD [Internet]. Com.ar. [citado el 20 de mayo de 2023]. Disponible en: <https://psicoadolescencia.com.ar/docs/3/final7.pdf>
14. Jiménez-Echenique J. La terapia ocupacional, fundamentos de la disciplina. Cuad - Hosp Clín [Internet]. 2018 [citado el 4 de febrero de 2023];59(ESPECIAL):82–7. Disponible en: http://scielo.org.bo/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S1652-67762018000300012

15. Romero, Ayuso DMR, Miralles PM, Moruno. Terapia Ocupacional Teoría y Técnicas. Elsevier España; 2003.

16. Spackman W. Terapia ocupacional. Editorial Medica Panamericana; 2006

17. De R, Aiello L, Bariffi F, Campoy I, Palacios A. LA ACCESIBILIDAD UNIVERSAL EN EL MARCO CONSTITUCIONAL ESPAÑOL* THE UNIVERSAL ACCESSIBILITY IN THE SPANISH CONSTITUCIONAL FRAMEWORK [Internet]. Uc3m.es. [citado el 27 de mayo de 2023]. Disponible en: <https://e-archivo.uc3m.es/bitstream/handle/10016/7130/DyL-2007-Asis.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

18. Aspajo Arista A, Gamboa Fuentes R, Huauya Enriquez L. Servicio turístico para personas con discapacidad motriz en la reserva nacional de lacha [Internet]. 2021. Disponible en: <http://repositorio.ulasamericas.edu.pe/bitstream/handle/upa/2235/1.TESINA%20ASPAJO%20ARISTA%20AVELINO.pdf?sequence=1&isAllowed=y>

19. Padilla AM. Terapia Ocupacional y Arquitectura: propuesta de educación transversal [Internet]. Udc.es. [citado el 16 de abril de 2023]. Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/20841/MerinoPadilla_Alejandro_TFG_2018.pdf?sequence=2&isAllowed=y

20. Castro LC. Terapia Ocupacional y diseño universal: realidad y perspectiva de las personas mayores en el ámbito rural [Internet]. Udc.es. [citado el 16 de abril de 2023]. Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/20821/Carab%C3%A1nCastro_Luc%C3%ADa_TFG_2018.pdf?sequence=2

21. Duncan EAS. Fundamentos Para La Practica En Terapia Ocupacional. 6a ed. Elsevier; 2022.
22. Gibbs G. El análisis de datos cualitativos en Investigación Cualitativa. Madrid: Morata; 2012.
23. González T, Cano A. Introducción al análisis de datos en investigación cualitativa: Tipos de análisis y proceso de codificación (II). Nure Investigación. 2010; 45: 1-10.
24. Norëa AL, Alcaraz-Moreno N, Rojas JG, Rebolledo-Malpica D. Applicability of the criteria of rigor and ethics in qualitative research. Aquichan 2012;12:263-74. doi. 10.5294/aqui.2012.12.3.5
25. Dirección D, Proyecto E, Ortega A, Tatiana A, Campos G, Osorio I, et al. del Camino de Santiago [Internet]. Discapnet.es. [citado el 17 de mayo de 2023]. Disponible en: https://www.discapnet.es/sites/default/files/caminodesantiagoconsejeraweb_2.pdf
26. Turismo.gal. [citado el 17 de mayo de 2023]. Disponible en: https://www.turismo.gal/osdam/filestore/1/8/2/4/8_a1f20f351ec8c26/18248_b7ed679cc34c9fb.pdf
27. Urbanísticas BA. Código de accesibilidade [Internet]. Xunta.gal. [citado el 3 de junio de 2023]. Disponible en: https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/b_arquitecnicas_urbanxsticas.pdf
28. UNE 41531 IN. Madrid: Comité Técnico CTN 41 Construcción; 2018.

29. De C, Peral Gómez P. UNIVERSIDAD MIGUEL HERNÁNDEZ FACULTAD DE MEDICINA TRABAJO FIN DE GRADO EN TERAPIA OCUPACIONAL BLOG DE ASESORAMIENTO: "ATENCIÓN INTEGRAL AL PEREGRINO DEL [Internet]. Umh.es. [citado el 27 de mayo de 2023]. Disponible en: <http://dspace.umh.es/bitstream/11000/26332/1/oLENA%20KOVALCHUK%20X8903192F%20TFG.pdf>
30. 23. BOE-A-2023-7417 Real Decreto 193/2023, de 21 de marzo, por el que se regulan las condiciones básicas de accesibilidad y no discriminación de las personas con discapacidad para el acceso y utilización de los bienes y servicios a disposición del público [Internet]. Boe.es. [citado el 17 de mayo de 2023]. Disponible en: https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2023-7417
31. Accesibilidad [Internet]. Política Social. 2018 [citado el 3 de junio de 2023]. Disponible en: <https://politicasocial.xunta.gal/es/temas/discapacidad/accesibilidad>
32. De diciembre de 3., accesibilidad. D. I. DISPOSICIONES GENERALES PRESIDENCIA DE LA XUNTA DE GALICIA [Internet]. Xunta.gal. [citado el 3 de junio de 2023]. Disponible en: https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/archivos/xeral/ley_10-2014_accesibilidad_cas.pdf
33. Documento Básico SUA, Seguridad de utilización y accesibilidad . Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana; 2022.
34. De uso público ANE. Código de accesibilidad [Internet]. Xunta.gal. [citado el 3 de junio de 2023]. Disponible en: https://politicasocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/archivos/xeral/b_edificios_uso_publico.pdf

35. Carreira EM. Adaptaciones y productos de apoyo para personas con dependencia y cuidadores: Un estudio de las necesidades y conocimiento en el ámbito rural [Internet]. Udc.es. [citado el 21 de mayo de 2023]. Disponible en: https://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/16793/MartinezCarreira_Estefania_TFG_2015.pdf?sequence=2
36. Sebastián Herranz M, Valle Gallego I, Vigarra Cerrato Ángela. Guía de orientación en la práctica profesional de la valoración reglamentaria de la situación de dependencia: Productos de Apoyo para la Autonomía Personal. [Internet]. 2011 [citado 3 junio 2022];(42). Disponible en: <https://observatoriodelaaccessibilidad.es/wp-content/uploads/2021/05/guadeproductosdeapoyo.pdf>
37. Preámbulo CD. CONVENCIÓN SOBRE LOS DERECHOS DE LAS PERSONAS [Internet]. Www.un.org. [citado el 9 de junio de 2023]. Disponible en: <https://www.un.org/esa/socdev/enable/documents/tccconvs.pdf>
38. González-Cruz MC, Aguilar-Zambrano J, Córdoba L, Chamorro C, Hurtado N, Valencia A, et al. Equipos multidisciplinares en el diseño de productos de apoyo para personas con discapacidad. Ing Investig [Internet]. 2009 [citado el 21 de mayo de 2023];29(3):142–7. Disponible en: http://www.scielo.org.co/scielo.php?script=sci_arttext&pid=S0120-56092009000300024
39. Buffart L, Westendorp T, Stam H, Roebroek M. Perceived barriers to and facilitators of physical activity in young adults with childhood-onset physical disabilities. J Rehabil Med. 2009; 41:881–885.
40. Permuy V, Risso A. ¿Es la sobreprotección un constructo diferente del apoyo social? || Is overprotection a different construct of social support? Rev

Estud Investig Psicol Educ [Internet]. 2014;1(1):44–54. Disponible en: <http://dx.doi.org/10.17979/reipe.2014.1.1.22>

41. Urbanísticas BA. Código de accesibilidade [Internet]. Xunta.gal. [citado el 3 de junio de 2023]. Disponible en: https://politicassocial.xunta.gal/sites/w_polso/files/arquivos/xeral/b_arquitec tonicas_urbanxsticas.pdf

42. (de Galicia «DOG» núm. CA, De de 17 de D, De de 11 de M. Lei 10/2014, de 3 de diciembre, de accesibilidade [Internet]. Boe.es. [citado el 13 de junio de 2023]. Disponible en: <https://www.boe.es/buscar/pdf/2015/BOE-A-2015-2604-consolidado.pdf>

43. Madrid F. Guía de Recomendaciones [Internet]. Csic.es. [citado el 12 de junio de 2023]. Disponible en: <http://envejecimiento.csic.es/documentos/documentos/feapsmadrid-Accesibilidade-cognitiva-Guia-recomendaciones-01-2015.pdf>

44. Muñoz Jiménez EM, Garrote Rojas D, Sánchez Romero C. La práctica deportiva en personas con discapacidad: motivación personal, inclusión y salud. Int J Dev Educ Psychol Rev INFAD Psicol [Internet]. 2017;4(1):145. Disponible en: https://dehesa.unex.es/bitstream/10662/14700/1/0214-9877_2017_1_4_145.pdf

45. Gutiérrez-Sanmartín M, Caus-Pertegáz N. Análisis de los motivos para la participación en actividades físicas de personas con y sin discapacidad. (Analysis of participation incentives in physical activities among people with and without disabilities.). Rev Int Cienc Deporte [Internet]. 2006;2(2):49–64. Disponible en: http://riberdis.cedid.es/bitstream/handle/11181/3794/analisis_motivos_participacion_actividades_fisicas.pdf?sequence=1&rd=0031186814704093

9. Apéndices

9.1. Apéndice I. Folla de información para participantes

-Título do estudo: Accesibilidade do camiño de Santiago Francés para persoas con discapacidade física.

-Investigadora: Quionia Rivas Vila, estudante de 4º de Terapia Ocupacional da Universidade de A Coruña (UDC).

- Director do estudo: Vicente Cabarcos Dopico

- Codirectora do estudo: Vanesa Paredes López

O obxectivo deste documento é que as persoas escollidas para formar parte do estudo de investigación a realizar decidan libremente a participación neste, contando con toda a información necesaria a cerca del. Se non aparece recollida toda a información que precisa, non dude en poñerse en contacto coa investigadora mediante o correo electrónico que se lle proporcionará ao final do documento.

- Propósito do estudo: Obter información acerca da accesibilidade ao longo do camiño, mediante entrevistas persoais a peregrinos en situación de diversidade funcional e aos seus acompañantes. Preténdese coñecer as condicións atopadas no camiño segundo a experiencia persoal dos propios participantes, o que podería dar lugar a futuras investigacións ou intervencións desde a Terapia Ocupacional.

- O porqué da elección dos integrantes do proxecto: Para a elección dos participantes neste proceso elixíronse persoas que seguisen uns criterios de inclusión entre os cales se atopa.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

- En que consiste a participación: A súa intervención no proceso baséase na contestación a unhas preguntas que a investigadora realiza mediante unha entrevista.
- Que riscos teñen os participantes: Non ten ningún tipo de risco a participación neste estudo. Ao contrario, a súa axuda pode ser de gran utilidade para coñecer de primeira man a través da súa experiencia diversos aspectos relacionados coa accesibilidade no camiño, o cal podería dar lugar a futuras intervencións ou investigacións a maior escala.
- Posible obtención da información que se obteña do estudo: Sempre que se queira, daráselle á persoa participante unha copia deste Traballo de Fin de Grao. Asimesmo, este será presentado publicamente na Universidade Da Coruña o 21 xuño de 2023.
- Publicación dos resultados: Os resultados estarán no repositorio da UDC, donde hai acceso aos documentos creados polos membros da Universidade.
- Protección da confidencialidade: Protexeráse en todo momento a confidencialidade das persoas participantes, tal como indica a Lei de protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais (Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro).
- Intereses acadados co proxecto por parte da investigadora e dos participantes: O interés por parte da investigadora é obter información para levar a cabo o estudo, e por parte dos participantes poder proporcionarlla. Non hai ningún tipo de interés económico obtido por parte de ningún integrante do estudo.

Accesibilidade do Camiño de Santiago

Para calquera dúbida que poida surxir en relación a este estudo e ao longo do mesmo, pode poñerse en contacto coa investigadora a través do seguinte correo electrónico: q.rivas@udc.es.

Grazas pola súa colaboración.

9.2. Apéndice II. Documento de consentimento informado para os participantes do estudo

Quionia Rivas Vila, con DNI 34282480Z, alumna de 4º de Terapia Ocupacional da Universidade de A Coruña, solicita a autorización para a participación no estudo “Accesibilidade no Camiño de Santiago Francés para persoas con discapacidade física”.

Don/Dona _____ con DNI _____
acepto participar no traballo de investigación tras haber sido informado previamente do estudo que se vai realizar.

Acepto que:

- Recibín uha folla coa información precisa sobre a miña participación no estudo.
- A investigadora resolveume todas as dúas presentes a cerca do estudo.
- Sexan usados os meus datos persoais, mantendo o anonimato según a Lei Orgánica 372018, 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Acepto participar no estudo de investigación, podendo abandonar este en calquera momento antes da súa publicación.

A Coruña, ____ de _____ de _____.

O/a participante,

A investigadora

Fdo

Fdo

9.3. Apéndice IV. Entrevista semiestructurada

En canto ao traxecto, atopaches o camiño accesible en xeral? Que aspectos positivos na accesibilidade che favoreceron o día a día no camiño? Que aspectos negativos na accesibilidade che dificultaron o teu día a día no camiño?

Había rutas alternativas máis accesibles? Había información sobre elas?

Tiveches que ser axudado por algunha persoa en algún momento do camiño en relación a dificultades na accesibilidade?

Os albergues/hoteis nos que te aloxaches eran accesibles? E outros espazos de uso público (bares, restaurantes, baños...)?

Guiácheste ben cos letreiros e as sinais que atopaches (eran fáciles de entender, estaban visibles, etc)?

Tiveches que utilizar algún produto de apoio para o camiño que non uses no día a día?

Foi unha experiencia positiva? Repetirías? Botaches algo en falta que che houbo favorecido a accesibilidade durante o camiño?